Coas actividades propostas traballamos :

- Comprender informacións relevantes sinxelas textos e enunciados.
- Recoñecer e empregar antónimos.
- Recoñecer e empregar os pronomes persoais nas  composicións escritas.
- Escribir diversos oracións e textos sinxelos.
- Recoñecer e utilizar determinantes demostrativos.
- Usar as normas ortográficas básicas.

# Un árbitro moi despistado!

Nome: ........................................ Data: .................... Curso: ..........

Le este cómic e responde as preguntas.




Revista *Golfiño*, n.º 75, outubro de 2003

**1** Marca cal é a finalidade deste cómic.

☐ Facer rir. ☐ Asustar. ☐ Crear misterio.

**2** Inventa outro título para o cómic tendo en conta a historia que relata.

# Un árbitro moi despistado!

Nome: ........................ Data: ............ Curso: .......

3 Que quere ser o protagonista do cómic? Rodéao e escribe o seu nome.






4 Rodea na lectura o antónimo de *directo* e escríbeo.

5 Indica se estas oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- O protagonista entra nunha escola de primaria. ☐
- Tito pita cinco faltas diferentes. ☐
- Tito cometeu cinco erros. ☐
- Tito pensou que arbitraba un partido de fútbol. ☐

6 Por que din na penúltima viñeta que Tito cometeu un só erro?

UNIDADE

# Un árbitro moi despistado!

Nome: ................................................ Data: .................. Curso: ..........

**7** Observa e le de novo o cómic e colorea as oracións verdadeiras.

- Un cómic ten diferentes viñetas.
- Nos cómics non hai letras, só debuxos.
- As palabras finais de cada viñeta riman.
- En todas as viñetas debe haber texto.
- As palabras que din os personaxes escríbense dentro de globos.

**8** Inventa e debuxa dúas viñetas máis para acabar o cómic.

Nome: .................................................. Data: .................. Curso: ..........

**1** Completa a táboa.

| | SINÓNIMO | ANTÓNIMO |
|---|---|---|
| triste | | |
| fácil | | |
| enorme | | |
| contestar | | |

**2** Une cada palabra co tipo de palabra que é e, despois, escribe unha oración que conteña as tres.

| | |
|---|---|
| aquela | adxectivo |
| alegre | pronome persoal |
| nós | demostrativo |

**3** Escribe os nomes do que representan estes debuxos.







esp

Nome: ............................................ Data: ................ Curso: ..........

**4** Le en voz baixa e marca que tipo de texto é.

Se vou a Bueu nun bou vou,
se non vou nun bou non vou.

- ☐ Unha obra de teatro.
- ☐ Unha fábula.
- ☐ Un trabalinguas.

- Rodea o nome propio e cópiao. ➜ ____________

**5** Le esta poesía e resolve as actividades.

Pacen as vacas
na nabarega.
Treme a pequena
que vai con elas.

Febreiro chove,
febreiro xea,
febreiro neva
neve lixeira.

UXÍO NOVONEYRA



- Busca un pronome persoal no texto e fai unha oración con el.

____________

- Marca que teñen en común as palabras subliñadas.

☐ Son posesivos. ☐ Son nomes. ☐ Son adxectivos.

- Busca no texto sinónimos das seguintes palabras.

pastan: ____________ cativa: ____________

conxela: ____________ chuvisca: ____________

# SEGUNDO TRIMESTRE

Nome: ............................................................. Data: ..................... Curso: ...............

**1** Completa a táboa.

| | SINÓNIMO | ANTÓNIMO |
|---|---|---|
| triste | | |
| fácil | | |
| enorme | | |
| contestar | | |

**2** Une cada palabra co tipo de palabra que é e, despois, escribe unha oración que conteña as tres.

| | |
|---|---|
| aquela | adxectivo |
| alegre | pronome persoal |
| nós | demostrativo |

**3** Escribe os nomes do que representan estes debuxos.



esp





Nome: ........................ Data: ............ Curso: ......

**4** Le en voz baixa e marca que tipo de texto é.

Se vou a Bueu nun bou vou,
se non vou nun bou non vou.

- [ ] Unha obra de teatro.
- [ ] Unha fábula.
- [ ] Un trabalinguas.

- Rodea o nome propio e cópiao. ➜ ____________

**5** Le esta poesía e resolve as actividades.

Pacen as vacas
na nabarega.
Treme a pequena
que vai con elas.

Febreiro chove,
febreiro xea,
febreiro neva
neve lixeira.

UXÍO NOVONEYRA



- Busca un pronome persoal no texto e fai unha oración con el.

____________

- Marca que teñen en común as palabras subliñadas.

- [ ] Son posesivos.
- [ ] Son nomes.
- [ ] Son adxectivos.

- Busca no texto sinónimos das seguintes palabras.

pastan: ____________ cativa: ____________

conxela: ____________ chuvisca: ____________

Nome: ................................................................................ Data: .......................... Curso: ..........

1 Le as parellas de palabras e marca a relación que hai en cada caso.

| | SINÓNIMOS | ANTÓNIMOS |
|---|---|---|
| casa / fogar | | |
| facer / desfacer | | |
| duro / brando | | |
| chan/plano | | |

2 Le o texto e rodea os pronomes persoais que atopes.

A semana pasada, meu pai e mais eu asistimos a unha xornada de portas abertas na escola municipal de tae-kwondo. Non quería ir, pero el insistiu.

E menos mal que fomos, porque resultou divertidísimo. Alí atopamos a Antía e Xabier. Eles xa practican este deporte desde hai tempo. Porén, nós somos aínda novatos. Papá dixo que el, de pequeno, facía moito deporte, igual ca mamá, malia que ela aínda segue adestrándose de cando en vez. E ti, tamén practicas deporte?




3 Le estas oracións e marca as afirmacións verdadeiras.

Esta casa é antiga. Ten máis de cen anos.

- ☐ *Antiga* é un adxectivo.
- ☐ *Antiga* e *casa* son palabras compostas.
- ☐ *Esta* é un determinante demostrativo.
- ☐ Ao final das oracións hai un signo de exclamación.
- ☐ Na oración non hai ningún nome común.

Nome: ................................ Data: ................ Curso: ........

4 Busca e rodea neste barullo de letras os colectivos destas palabras individuais.

ovella | músico | pluma | abella

lacaratgarerrabañoetescapicugxadorquestraezegues

piguesnatiaquesenxameoseszadestemespiguegroguesplumaxe

5 Numera segundo o tipo de texto que sexa.

**1.** Poesía **2.** Trabalinguas **3.** Teatro

○

**Âkil:** Non sabedes abrir o paquete?

**Valentino:** (*Co paquete na man*). En realidade, eu nunca abrín ningún.

**Âkil:** Non será tan difícil.

**Valentino:** ... Non, claro.

Roberto Salgueiro

○

A pombiña branca
quería ir á escola.
Mercou catro libros,
un lapis e goma.



Gloria Sánchez

○

Xan, dille a Xan que lle diga a Xan que vaia abrir a Xan que Xan xa está á porta.

Popular